

# FORMACIÓN EN LIÑA

# RÍAS SOSTIBLES



## Sesión 2: O tratamento dos residuos sólidos urbanos



Grupo de Acción Local  
do sector Pesqueiro  
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:  
Costa Sostible



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR



Unión Europea  
Fondo Europeo Marítimo  
e de Pesca (FEMP)



# CONTEXTUALIZACIÓN: OS RSU E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO LIXO MARIÑO

- Entendemos como residuo “todo **material que producimos** na nosa vida cotiá e **do que nos temos que desprender porque xa perdeu o seu valor ou deixou de ser útil**”. Os residuos xerados nas nosas casas reciben o nome de Residuos Sólidos Urbáns (RSU).
- É importante coñecer estes residuos e o impacto que teñen nas nosas augas, para tratar de **evitar que cheguen aos nosos ríos e mares.**

# CONTEXTUALIZACIÓN: OS RSU E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO LIXO MARIÑO

- Un dos maiores problemas aos que se enfrenta o sector pesqueiro é a problemática derivada dos residuos que rematan chegando ás augas, o lixo mariño.
- É importante coñecer estes residuos e o impacto que teñen no noso lugar de traballo, para tratar de **evitar que cheguen aos nosos ríos e mares**

**Neste documento** podes saber máis sobre as tipoloxías de residuos, os modelos de xestión dos mesmos e propostas para reducir o seu impacto.

## A problemática dos RSUs: A COMPOSTAXE como solución



# VISITA VIRTUAL AO COMPLEXO MEDIOAMBIENTAL SERRA DO BARBANZA

O Complexo Medioambiental de tratamento de residuos da Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza

comezou a funcionar no 2003 coa misión de acadar as mellores taxas de reciclaxe.

**Obxectivos: xestión integral dos residuos** domésticos dos concellos da Mancomunidade da Serra do Barbanza **a través da compostaxe de materia orgánica e a recuperación de materiais** para a súa reciclaxe.



**Premendo na imaxe  
podes ver como funciona  
o complexo**

# PROCESOS E NECESIDADES: FRACCIÓN DOS RESIDUOS E DESTINO. IMPACTO NO LIXO MARIÑO.



Para evitar ou, ao menos, aminorar a chegada de lixo ao mar, queremos que [visualices este documento](#) que compendia boas prácticas.

Recoméndase revisar as prácticas que desenvolvemos no relativo a adquisición e emprego de plásticos en diversas situacións:

- Á hora de mercar.
- Na praia, no río, na natureza...
- Nas embarcacións profesionais ou de recreo...
- No porto, na lonxa, nas instalacións portuarias...
- Nas bateas e noutras instalacións de acuicultura.
- ...

## PROPOSTA PARA REDUCIR A XERACIÓN DE RESIDUOS E FAVORECER A RECICLAXE DE REFUGALLOS

Tal e como fomos vendo ao longo da sesión, é a un traballo de todas e todos **reducir a cantidade de lixo que xeramos e debemos ser responsables coa nosa xestión de residuos a título individual** nas nosas casas.

Nas imaxes podes ver que depositar en cada contedor de lixo xestionado pola Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza

# EN TEMPOS DE CORENTENA\* APROVEITA PARA MELLORAR A SEPARACIÓN!!

\*En corentena e resto do tempo!



Para os Concellos da Manc. de Concellos da Serra do Barbanza (Ames, Brión, Carnota, Lousame, Muros, Noia, Pontecesures, Porto do Son e Rois).



Utilizamos o colector de tapa verde.

## SEPARA A MATERIA ORGÁNICA:

Debemos reflexionar sobre a importancia de coidar o noso medio ambiente. A mellor maneira de facelo, dende a casa, é separar a materia orgánica para que se poida transformar en compost. (Aprox. o 40% da nosa bolsa de lixo é materia orgánica).

## QUE PODEMOS TIRAR NESTE COLECTOR?

Restos de comida (restos de carne e peixe, pelar, casca de ovo...), restos de xardinería, e todo aquilo que sexa biodegradable (papel dos mocos, gardanapos de papel, ...).

<https://youtu.be/EsIsudVYgPA>



# PROPOSTA PARA REDUCIR A XERACIÓN DE RESIDUOS E FAVORECER A RECICLAXE DE REFUGALLOS



## SE TES UN ANACO DE TERRA APOSTA POLA COMPOSTAXE CASEIRA

Para practicar a compostaxe caseira abonda cun pequeno recuncho de terra, ben no teu xardín ou na horta. Podemos reproducir neste espazo, a tradicional lixeira ou esterqueira ou tamén temos a opción de instalar no mesmo lugar un composteiro.

**Unha proposta para a redución de residuos pode ser a compostaxe.** Na imaxe podes ver algunhas pinceladas sobre ela e **aquí podes revisar unha listaxe de reprodución de titoriais** sobre como facela dun xeito moi sinxelo na casa.

## ÚNETE E FAI UNHA ECOAUDITORÍA DE RESIDUOS

Na seguinte ficha hai unha actividade moi sinxela para comezar a reducir o lixo no teu fogar.

Aceptas o reto?

Cóntanos os teus trucos para reducir residuos.

Premede na seguinte Ligazón:

<https://cutt.ly/4tmcNZE>





**GRAZAS POLA TÚA ATENCIÓN!**



Grupo de Acción Local  
do sector Pesqueiro  
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:  
Costa Sostible



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MAR



Unión Europea

Fondo Europeo Marítimo  
e de Pesca (FEMP)